

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN ALCER GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA EN MENORES CON ENFERMIDADE RENAL CRÓNICA EN GALICIA (PROGRAMA MEDRO CON ALCER) NO ANO 2026.

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, é o órgano da administración autonómica ao que lle corresponde exercer as políticas autonómicas en materia de acción social e apoio á familia, á infancia e á adolescencia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia

A Federación Alcer Galicia (NIF G70474556) é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2015/000245-2ª e ten entre o seu obxectivo básico a mellora da calidade de vida das persoas que padecen enfermidade renal crónica (en adiante ERC) e garantir a igualdade no acceso aos servizos sociosanitario.

O convenio ten por obxecto regular o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Alcer Galicia no desenvolvemento dun programa de intervención psicosocial con menores con enfermidade renal crónica en Galicia, Programa Medro con Alcer, que ten como finalidade a intervención psicosocial, apoiando e acompañando ás familias para mellorar a súa calidade de vida dentro do seu proceso de adaptación e convivencia coa enfermidade renal crónica, tratando de minimizar as posibles dificultades derivadas do coidado, así como adaptarse á enfermidade e mellorar o seu benestar social, establecendo bases sólidas de coordinación entre todas as partes implicadas na atención, dentro dos procesos de atención sociosanitaria, a persoas menores con enfermidades renais crónicas.

A entidade realizará levará a cabo as seguintes actuacións en relación cos obxectivos do programa a subvencionar:



Obxectivos	Actividades
1. Establecer un rexistro exhaustivo de todas as persoas menores atendidas pola Federación Alcer Galicia e das intervencións desenvolvidas.	1.1. Rexistro de cada persoa menor coa que se intervén dende o programa "Medro con Alcer" e as intervencións realizadas. 1.2. Avaliación anual dos resultados obtidos: núm. de menores atendidos/as, idade, segregación por sexo e tipos de intervencións realizadas.
2. Establecer proxectos de intervención psicosocial individualizados con menores afectados/as por enfermidades renais crónicas e familias, en coordinación cos equipos sanitarios e entidades de pacientes, ben sexan galegas ou de fóra da Comunidade Autónoma, segundo cada situación individual o precise.	2.1. Desenvolvemento de plans de atención familiares individualizados anuais que sirvan de soporte ao crecemento do ou da menor. 2.2. Contacto continuado coas familias e coas persoas menores por parte do persoal de traballo social e psicoloxía de referencia, priorizando, sempre que sexa posible, a atención presencial. 2.3. Valoración e derivación ao servizo de psicoloxía da Federación Alcer Galicia para a detección temperá de necesidades emocionais, adaptación á enfermidade e prevención de situacións de sobrecarga familiar. 2.4. Información e orientación ás familias sobre o acceso ao servizo de nutrición especializado da Federación Alcer Galicia, cando se detecten necesidades relacionadas coa alimentación e hábitos saudables vinculados á enfermidade renal crónica.
3. Promover a creación de grupos de iguais, tanto de menores, organizados en función da súa idade, como de familiares creando espazos de axuda común; actividades grupais, e espazos de	3.1. Actividades grupais que fomenten o encontro entre iguais de forma online ou presencial. 3.2. Organización dun encontro anual de



acompañamento nos que promover bos coidados e fomentar a súa participación en espazos de lecer	familias e menores participantes no programa "Medro con Alcer", incorporando actividades de formación, apoio mutuo e lecer terapéutico. 3.3. Promoción e coordinación da participación das persoas menores no Campamento CRECE, desenvolvido pola Federación Nacional ALCER, favorecendo a súa participación e coordinación cos recursos sociais no caso de familias en situación de vulnerabilidade. 3.4. Desenvolvemento de encontros provinciais de familias co obxectivo de fortalecer redes de apoio e acompañamento de proximidade. 3.5. Difusión de información de interese para as familias de menores con enfermidades renaís crónicas rexistradas no programa, a través do envío periódico de comunicacións informativas.
4. Continuar difundindo o programa entre os e as profesionais que traballan con menores con enfermidades renaís crónicas: Pediatría, Nefroloxía, Uroloxía, Educación, Servizos Sociais do ámbito público e privado e entidades afíns.	4.1. Reunións de seguimento e coordinación para valorar o funcionamento do programa cos e coas profesionais sanitarios/as de referencia das persoas menores. 4.2. Difusión de información relativa ao programa entre centros educativos, servizos sociais de referencia e entidades afíns, no momento en que unha persoa menor sexa incorporada ao programa. 4.3. Coordinación cos servizos e recursos especializados implicados na atención socio sanitaria, especialmente en situacións de derivación a hospitais de referencia fóra da Comunidade Autónoma.
5. Establecer unha estrutura sólida que favoreza a intervención integral coordinada entre o persoal sanitario e os/as profesionais psicosociais da	5.1. Reforzo do protocolo de derivación e colaboración entre a Federación Alcer Galicia e as consultas de nefroloxía infantil do sistema sanitario público.



Federación Alcer Galicia a través de protocolos de derivación e colaboración.	5.2. Coordinación cos departamentos correspondentes e implicados nas xestións da intervención sociosanitaria con menores. 5.3. Elaboración e difusión de material informativo dirixido ás familias e aos servizos de atención sanitaria e social relacionados coa enfermidade renal crónica na infancia e adolescencia.
---	---

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, esta interesada en apoiar estas actuacións mediante a sinatura dun convenio de colaboración.

As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

- Datos económicos

O convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade para o ano 2026

Aplicación orzamentaria	Ano 2026
08.02.312B.481.0	40.000 €

A concesión da subvención comprende os gastos das actuacións a subvencionar dende o 1 de xaneiro de 2026 ao 15 de decembro de 2026. Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais a conta da liquidación definitiva na medida en que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados. O 20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.



Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

O seguinte cadro reflicte a comparativa entre os gastos subvencionables con cargo ao convenio 2025, e os previstos para o ano 2026.

		ORZAMENTO 2025	ORZAMENTO 2026
CONCEPTO			
GASTOS DE PERSOAL		34.817,16 €	36.286,79€
OUTROS GASTOS	Desprazamentos	100€	1.416,48€ ⁽¹⁾
	Xestoría	929,72€	929,72 €
	Seguro responsabilidade civil	510,00€	560,00 €
	Seguro Lei de prevención de riscos laborais	330,00€	520,00 €
	Lei orgánica de protección de datos	140,00€	140,00 €
	Envíos de documentación	50,00 €	50,00 €
	Material funxible	123,12 €	97,01 €
	Total	2.182,84€	3.713, 21
TOTAL		37.000 €	40.000€

(1) Incrementase de forma significativa a partida de gastos de desprazamento que no ano 2025 contemplaba unicamente desprazamentos de persoal e voluntariado, tendo en conta a dispersión xeográfica das persoas menores atendidas e a necesidade non só de desprazamento dos profesionais cando a atención a domicilio sexa necesaria senón tamén o acceso das familias en situación de vulnerabilidade económica aos servizos de ofertados pola entidade (atención psicolóxica e ao encontro das familias MEDRO)



A desagregación de gastos de persoal correspondentes ao ano 2026 é a seguinte:

PERSOAL										
Categoría profesional	Contrato laboral					Imputación				
	Xornada laboral contratada (horas/semana)	Meses do proxecto	Salario bruto	Seguridade social da empresa	Total	Xornada laboral imputada (horas/semana)	% imputado cada mes	Salario bruto	Seguridade social da empresa	Total
Traballadora social	13,5	11	6.915,78 €	2.311,25 €	9.227,03 €	8	59,26 %	4.098,24 €	1.369,63 €	5.467,87 €
Traballadora social	10	11	5.122,80 €	1.712,04 €	6.834,84 €	8	80,00 %	4.098,24 €	1.369,63 €	5.467,87 €
Traballadora social	25	11	12.807,00 €	4.280,10 €	17.087,10 €	25	100,00 %	12.807,00 €	4.280,10 €	17.087,10 €
Psicóloga	20	11	10.245,60 €	3.424,08 €	13.669,68 €	8	40,00 %	4.098,24 €	1.369,63 €	5.467,87 €
Traballador social	36,5	6	10.199,03 €	3.408,52 €	13.607,54 €	7,5	20,55 %	2.095,69 €	700,38 €	2.796,07 €
										36.286,79 €

Con respecto ao ano 2025 increméntase un traballador social. O aumento de 3 a 4 traballadoras sociais débese estritamente a criterios de eficiencia ante a dispersión xeográfica. Necesítase garantir representación e presenza física en todas as provincias para optimizar a atención e os desprazamentos.

Resulta de aplicación ao persoal da entidade o XVI Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con discapacidade.

A desagregación das restantes partidas é a que de seguido se relaciona:

OUTROS GASTOS	
Desprazamento persoal e usuarios	1.416,48€
Xestoría	929,72 €
Seguro RC	560,00 €
Seguro prevención riscos laborais	520,00 €
LOPD	140,00 €





Envíos de documentación	50,00 €
Material funxible	97,01 €
Total	3.713,21 €

Permítese modificacións das anteriores partidas sempre que non sexan superiores ao 10% do importe total do convenio, agás no concepto de gastos por desprazamentos.

- Fitos e obxectivos

As actuacións a desenvolver neste programa, no código de proxecto 2016-174 encádranse nos seguintes obxectivos recollidos no Plan Estratéxico de Galicia 2022/2030.

EIXE 1. O RETO DEMOGRÁFICO.

PRIORIDADE DE ACTUACIÓN PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias. .

OBXECTIVO ESTRATÉXICO E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia, así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres

OBXECTIVO OPERATIVO OO03 - Programas de apoio ás familias e menores e favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións.

Os indicadores sinalados para este ano no dito proxecto 2016-174 "Programa de apoio ás familias" son:

P341.H - Menores e familias beneficiarias de programas e integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (homes) - 430

P341.M - Menores e familias beneficiarias de programas e integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (mulleres) -470

Os indicadores previstos para o ano 2026 no programa de intervención psicosocioeducativa en menores con enfermidade renal crónica en Galicia (**PROGRAMA MEDRO CON ALCER**) son os seguintes:

Menores e familias beneficiarias do programa (homes: 22 menores , 35 pais)





Menores e familias beneficiarias do programa (mulleres): 18 menores e 38 nais)

- Territorialización

O proxecto desenvólvese, concretamente nas provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

A Coruña: A Coruña, Curtis, Sada, Oleiros, Ferrol, Pontedeume, Fene, Santiago de Compostela, Brión, Ordes, Santa Comba, Muros, Tordoia, Boiro

Ourense: Ourense, O Barco de Valdeorras

Pontevedra: Pontevedra, Marín, A Guarda, Poio

Lugo: Lugo , Burela, Cervo, Outeiro de Rei, Monforte de Lemos

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital do presente documento
O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

